



nota de prensa

## Cuntis comeza 2019 sen novos orzamentos

*O grupo de Goberno foi incapaz de presentar en tempo e forma unha proposta de Orzamentos Municipais para que puidesen entrar en vigor o 1 de xaneiro, como viña sendo habitual nos tres anos anteriores da presente lexislatura. Esta é unha mostra máis de que o bipartito chega totalmente esgotado ao remate do presente mandato.*

[Cuntis. 04 de xaneiro de 2019](#)

O Concello de Cuntis estrea 2019 **tendo que prorrogar os orzamentos municipais do ano pasado debido a que o Bipartito foi incapaz** de presentar en tempo e forma nin tan sequera unha proposta para levar a pleno. Ao contrario do que viña sendo habitual en anos anteriores, pechouse o último mes do ano sen novidades ao respecto. Desta vez o Goberno Local nin tan sequera presentou proposta ningunha nin lles trasladou aos grupos da oposición (cando menos a Veciñanza) borrador ningún para debater ou poder facer propostas. A debilidade do Goberno Municipal precisa o apoio (ou cando menos o consentimento) dos grupos da oposición. En anos anteriores, o Bipartito trasladáballe antes de rematar o ano aos demais grupos a súa proposta para as contas xerais do municipio, malia que **só Veciñanza facía novas propostas**. O Partido Popular nunca durante esta lexislatura fixo nin a máis mínima achega aos Orzamentos.

O 2018 que vén de rematar foi distinto nese sentido. Sen dar ningún tipo de explicación, o Goberno Municipal pechou o ano sen trasladar proposta ningunha e a primeiro de xaneiro viuse obrigado a prorrogar as contas do ano anterior. A necesidade que ten o bipartito de contar coa oposición non se reflicta na súa actitude: **nin propostas, nin explicacións**. Curiosamente, este retraso non foi nada publicitado.

Veciñanza, en cumprimento da nosa tarefa e do noso compromiso, **informa desta situación ao conxunto dos veciños e veciñas de Cuntis** ao tempo que agarda a chamada do Alcalde para negociar o documento de orzamentos municipais o antes posible. Como vén sendo habitual, **o noso grupo amosa plena disposición tanto para escoitar as propostas do goberno como para facer novas achegas**.

Veciñanza entende que a xestión económica en tempo e forma, así como a transparencia, deben ser prioridades que estean por diante da propaganda e do autobombo. O Bipartito chega á recta final da lexislatura amosando claros síntomas de **esgotamento, fragmentado e sen noticias dunha das súas metades**. A xestión da área de Cultura desapareceu por completo



## nota de prensa

e o peso de todo un goberno soportado unicamente por dúas persoas demostrase como un experimento insostible. As prácticas publicitarias e electoralistas dificilmente poden agochar as carencias dun Bipartito politicamente amortizado.